

2004 (DOG nº 129, do 6 de xullo), e de conformidade co establecido na dita orde de convocatoria

*ACORDOU:*

Primeiro.-Vistas as reclamacións e alegacións presentadas polos opositores, e estudadas estas, acórdase o seguinte:

-Anular a pregunta 33 do exame, estimando as reclamacións presentadas, sendo substituída pola primeira de reserva (pregunta 61).

-Corrixir o modelo de respostas correctas no referente á pregunta 43, sendo a resposta correcta a b.

Segundo.-Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións e alegacións presentadas.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2005.

Ramón Talín Mariño  
Presidente do tribunal

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 21 de abril de 2005 pola que se resolve o concurso público de méritos para a provisión de prazas de asesores técnico-pedagóxicos nos centros de formación continuada do profesorado de niveis non universitarios, convocado pola Orde do 19 de marzo de 1997.*

A sentenza nº 1432/2000, ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o día 20 de setembro de 2000, en recurso 1/1929/1997, insta a Administración a ditar un novo acto que veña substituír os anulados nesa sentenza, co fin de que a demandante poida impugnalos se non considera os motivos exteriorizados conforme dereito, co que se executaría integramente a sentenza deste proceso.

Para darlle cumprimento á devandita sentenza, e en virtude das competencias que lle son atribuídas pola normativa vixente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

*RESOLVE:*

Primeiro.-A comisión de valoración de méritos para cubrir postos de asesores técnicos pedagóxicos nos centros de Formación Continuada do Profesorado, prevista na Orde do 19 de marzo de 1997 (DOG do 18 de abril), aplicou os criterios establecidos no anexo III da citada orde, de xeito que todos os funcionarios docentes que participaban neste concurso público tiveran garantidos os principios de mérito, capacidade e igualdade.

A continuación describíense as puntuacións dos puntos contra os que a demandante, Mercedes Rodeiro Barros, considera non ter recibido, por parte da Administración, unha resposta axeitada.

1. No punto 2.2, a demandante só presenta un certificado *Seminario Interdisciplinar de Lingua Galega*, aprobado pola Resolución do 17 de abril de 1991 (DOG do 7 de maio), relacionado coa especialidade para a que solicita praza. A comisión de valoración outórgalle 0,25 puntos, atendendo ao baremo que recolle o anexo III da convocatoria.

2. No punto 2.3, a demandante só presenta un certificado relacionado coa especialidade para a que solicita praza, trátase do seminario permanente *Deseño, elaboración e experimentación de material didáctico facilitador do hábito lector en educación permanente de adultos*, aprobado pola Orde do 16 de marzo de 1992 (DOG do 3 de abril). A comisión de valoración outórgalle 0,20 puntos, atendendo ao baremo do anexo III da convocatoria.

3. O diploma que presenta para o punto 4.3 non se corresponde cunha titulación de grao medio ou diplomatura, senón cun curso de especialización, atendendo ao disposto na Orde do 11 de xaneiro de 1996 (BOE do 23 de xaneiro), pola que se homologan cursos de especialización para o profesorado de educación infantil, de educación primaria, de educación especial e do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria e de habilitación para os profesionais do primeiro ciclo de educación infantil. O mesmo ocorre cos masters, que non teñen o recoñecemento de titulacións de grao medio ou diplomaturas, como recolle este punto do baremo.

4. No punto 5.3, concédeselle a máxima puntuación.

Segundo.-Os demais aspectos da Orde do 11 de xullo de 1997 que non se ven afectados polo contido da sentenza nº 1432/2000 mantéñense co seu texto orixinal, así:

«Artigo 1º

Nomear, en réxime de comisión de servizos, para cubrir as prazas mencionadas os profesores e as profesoras que se relacionan no anexo I desta orde.

Artigo 2º

Esta comisión de servizos será polo período que figuraba na orde de convocatoria e que tamén se recolle no anexo I desta orde.

Artigo 3º

Declarar vacantes as prazas que se relacionan no anexo II.

Artigo 4º

A presente disposición remata a vía administrativa, segundo o establecido no artigo 109 c) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5º

A entrada en vigor desta orde será o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## ANEXO I

<i>Centro de Formación Continuada do Profesorado da Coruña</i>			
<i>Especialidade</i>	<i>Período</i>	<i>Nome e apelidos</i>	<i>Corpo</i>
<i>Educación infantil</i>	<i>3 anos</i>	<i>Genara Borrajo Borrajo</i>	<i>Mestres</i>
<i>Tecnoloxía</i>	<i>3 anos</i>	<i>Antonio Álvarez Bouza</i>	<i>PES</i>
<i>Lingua galega</i>	<i>3 anos</i>	<i>Celestino Pérez Recarey</i>	<i>Mestres</i>
<i>Técnicas audiovisuais</i>	<i>3 anos</i>	<i>José M<sup>a</sup> Aguilera Carrasco</i>	<i>PES</i>

<i>Centro de Formación Continuada do Profesorado de Ferrol</i>			
<i>Especialidade</i>	<i>Período</i>	<i>Nome e apelidos</i>	<i>Corpo</i>
<i>Educación primaria</i>	<i>3 anos</i>	<i>Josefa Cortés Arias</i>	<i>Mestres</i>
<i>Lingua galega</i>	<i>3 anos</i>	<i>Antón Cortizas Amado</i>	<i>Mestres</i>
<i>Lingua castelá, literatura e linguas clásicas</i>	<i>3 anos</i>	<i>María Nieves Seoane Martínez</i>	<i>Mestres</i>
<i>Linguas estranxeiras</i>	<i>3 anos</i>	<i>María Josefa Souto Lorenzo</i>	<i>Mestres</i>
<i>Técnicas audiovisuais</i>	<i>2 anos</i>	<i>Xoán Carlos Alvarellos Codesido</i>	<i>Mestres</i>
<i>Música</i>	<i>2 anos</i>	<i>Mercedes Dosinda Sánchez Pérez</i>	<i>Mestres</i>

<i>Centro de Formación Continuada do Profesorado de Santiago de Compostela</i>			
<i>Especialidade</i>	<i>Período</i>	<i>Nome e apelidos</i>	<i>Corpo</i>
<i>Educación infantil</i>	<i>3 anos</i>	<i>Lourdes Taboada Fernández</i>	<i>Mestres</i>
<i>Educación especial</i>	<i>3 anos</i>	<i>Antonio Estévez Álvarez</i>	<i>Mestres</i>
<i>Técnicas audiovisuais</i>	<i>3 anos</i>	<i>Gonzalo Anaya García</i>	<i>Mestres</i>
<i>Música</i>	<i>3 anos</i>	<i>Manuel Tubío Fachado</i>	<i>Mestres</i>

<i>Centro de Formación Continuada do Profesorado de Lugo</i>			
<i>Especialidade</i>	<i>Período</i>	<i>Nome e apelidos</i>	<i>Corpo</i>
<i>Educación infantil</i>	<i>3 anos</i>	<i>María Teresa González Rodríguez</i>	<i>Mestres</i>
<i>Plástica e visual</i>	<i>3 anos</i>	<i>José Eulogio Rouco Lamela</i>	<i>PES</i>
<i>Tecnoloxía</i>	<i>3 anos</i>	<i>José García Trasancos</i>	<i>PES</i>
<i>Educación física</i>	<i>3 anos</i>	<i>Carmen Mendo Rivero</i>	<i>PES</i>

<i>Centro de Formación Continuada do Profesorado de Ourense</i>			
<i>Especialidade</i>	<i>Período</i>	<i>Nome e apelidos</i>	<i>Corpo</i>
<i>Educación especial</i>	<i>3 anos</i>	<i>María del Carmen Gil Cid</i>	<i>Mestres</i>
<i>Plástica e visual</i>	<i>3 anos</i>	<i>Juan Valcárcel Obelleiro</i>	<i>PES</i>
<i>Ciencias naturais</i>	<i>3 anos</i>	<i>José Gargallo Abelairas</i>	<i>PES</i>
<i>Técnicas audiovisuais</i>	<i>3 anos</i>	<i>María Celina Ramos Álvarez</i>	<i>Mestres</i>
<i>Educación física</i>	<i>3 anos</i>	<i>Aurora Pazos Feijóo</i>	<i>Mestres</i>

<i>Centro de Formación Continuada do Profesorado da extensión do Barco de Valdeorras</i>			
<i>Especialidade</i>	<i>Período</i>	<i>Nome e apelidos</i>	<i>Corpo</i>
<i>Ciencias sociais, xeografía e historia</i>	<i>3 anos</i>	<i>Emiljo Antonio García Fernández</i>	<i>Mestres</i>

<i>Centro de Formación Continuada do Profesorado de Pontevedra</i>			
<i>Especialidade</i>	<i>Período</i>	<i>Nome e apelidos</i>	<i>Corpo</i>
<i>Educación especial</i>	<i>3 anos</i>	<i>Isabel Franco Rodríguez</i>	<i>Mestres</i>
<i>Educación primaria</i>	<i>3 anos</i>	<i>Azucena Arias Correa</i>	<i>Mestres</i>
<i>Lingua galega</i>	<i>3 anos</i>	<i>José Enrique Abalo Quintela</i>	<i>Mestres</i>
<i>Lingua castelá, literatura e linguas clásicas</i>	<i>3 anos</i>	<i>José Antonio Pérez Graña</i>	<i>Mestres</i>
<i>Tecnoloxía da información</i>	<i>1 ano</i>	<i>Fernando Álvarez Braña</i>	<i>Mestres</i>

<i>Centro de Formación Continuada do Profesorado de Vigo</i>			
<i>Especialidade</i>	<i>Período</i>	<i>Nome e apelidos</i>	<i>Corpo</i>
<i>Educación especial</i>	<i>3 anos</i>	<i>Nieves Dapoza Dacal</i>	<i>Mestres</i>
<i>Ciencias naturais</i>	<i>1 ano</i>	<i>Luis Otero Gutierrez</i>	<i>PES</i>
<i>Lingua castelá e literatura</i>	<i>3 anos</i>	<i>María del Rosario Rocas García</i>	<i>Mestres</i>
<i>Linguas estranxeiras</i>	<i>2 anos</i>	<i>Isabel Troncoso Martínez</i>	<i>PES</i>
<i>Tecnoloxía da información</i>	<i>3 anos</i>	<i>José Antonio Graña García</i>	<i>Mestres</i>

## ANEXO II

<i>Relación de prazas vacantes en cada Cefocop</i>	
<i>Cefocop</i>	<i>Prazas vacantes</i>
<i>A Coruña</i>	<i>Plástica e visual. Educación física</i>
<i>Ferrol</i>	<i>Educación especial. Plástica e visual</i>
<i>Santiago de Compostela</i>	<i>Plástica e visual</i>
<i>Lugo</i>	<i>Tecnoloxía da información</i>
<i>Pontevedra</i>	<i>Plástica e visual. Tecnoloxía</i>
<i>Vigo</i>	<i>Plástica e visual. Lingua galega. Tecnoloxía. Linguas clásicas</i>

Terceiro.-Quedan derogadas e sen efecto a Orde do 11 de xullo e a Resolución do 14 de xullo de 1997.

Cuarto.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

*Resolución do 6 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fan públicas as resolucións dos tribunais que xulgarán o proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, así como o da adquisición de novas especialidades, polas que se anuncian as datas, as horas e os lugares nos que terán lugar a proba de coñecementos de lingua galega e a primeira parte da primeira das probas previstas no punto 4 da base 7 da convocatoria.*

De acordo co establecido no punto 3 da base común 6 da Orde do 7 de febreiro de 2005 (DOG do 14 de febreiro), pola que se convocaban procedementos selectivos para acceso ao corpo de mestres, así como para a adquisición de novas especialidades, esta dirección xeral acorda facer a citación dos aspirantes a ingreso no corpo de mestres que actuarán perante os seguintes tribunais:

Tribunal nº 1 de idioma estranxeiro: inglés da Coruña.

1º Realización da proba de coñecementos de lingua galega.

Data: 28 de maio de 2005. Hora: 11.00 h. Centro: CEIP Fernández Latorre-A Coruña.

2º Realización da primeira parte da primeira das probas previstas no punto 4 da base 7.

Data: 11 de xuño de 2005. Hora: 10.00 h. Centro: CEIP Fernández Latorre-A Coruña.

Tribunal nº 1 de educación infantil da Coruña.

1º Realización da proba de coñecementos de lingua galega.

Data: 28 de maio de 2005. Hora: 11.00 h. Centro: CEIP Alborada-A Coruña.

2º Realización da primeira parte da primeira das probas previstas no punto 4 da base 7.

Data: 11 de xuño de 2005. Hora: 10.00 h. Centro: CEIP Alborada-A Coruña.

Tribunal nº 2 de educación infantil da Coruña.

1º Realización da proba de coñecementos de lingua galega.

Data: 28 de maio de 2005. Hora: 11.00 h. Centro: CEIP Salgado Torres-A Coruña.

2º Realización da primeira parte da primeira das probas previstas no punto 4 da base 7.

Data: 11 de xuño de 2005. Hora: 10.00 h. Centro: CEIP Salgado Torres-A Coruña.

Tribunal nº 3 de educación infantil da Coruña.

1º Realización da proba de coñecementos de lingua galega.

Data: 28 de maio de 2005. Hora: 11.00 h. Centro: CEIP Salgado Torres-A Coruña.

2º Realización da primeira parte da primeira das probas previstas no punto 4 da base 7.

Data: 11 de xuño de 2005. Hora: 10.00 h. Centro: CEIP Salgado Torres-A Coruña.

Tribunal nº 4 de educación infantil da Coruña.

1º Realización da proba de coñecementos de lingua galega.

Data: 28 de maio de 2005. Hora: 11.00 h. Centro: CEIP Alborada-A Coruña.

2º Realización da primeira parte da primeira das probas previstas no punto 4 da base 7.

Data: 11 de xuño de 2005. Hora: 10.00 h. Centro: CEIP Alborada-A Coruña.

Tribunal nº 1 de audición e linguaxe da Coruña.

1º Realización da proba de coñecementos de lingua galega.

Data: 28 de maio de 2005. Hora: 11.00 h. Centro: CEIP San Francisco Javier-A Coruña.

2º Realización da primeira parte da primeira das probas previstas no punto 4 da base 7.

Data: 11 de xuño de 2005. Hora: 10.00 h. Centro: CEIP San Francisco Javier-A Coruña.

Tribunal nº 1 de educación física da Coruña.

1º Realización da proba de coñecementos de lingua galega.

Data: 28 de maio de 2005. Hora: 11.00 h. Centro: CEIP Juan Fernández Latorre-A Coruña.

2º Realización da primeira parte da primeira das probas previstas no punto 4 da base 7.

Data: 11 de xuño de 2005. Hora: 10.00 h. Centro: CEIP Juan Fernández Latorre-A Coruña.